

Rúbrica da exposición oral *Aplicar*

	EXPERTO (9-10)	AVANZADO (7-8)	SUFICIENTE (5-6)	ESCASO (1-4)
PRESENTACIÓN	Preséntase de xeito formal. Expón o tema con claridade. Presenta o obxectivo que pretende e crea interese na audiencia. (2)	Preséntase e comeza a exposición expoñendo o tema brevemente. (1,6)	Preséntase e menciona o tema que vai tratar. (1,2)	Empeza a exposición sen facer unha presentación inicial. (0,8)
EXPRESIÓN (adecuación ao rexistro, coherencia e cohesión, riqueza léxica).	A expresión é correcta na sintaxe e no léxico. Utiliza un vocabulario rico e variado axeitado ao estándar e rigoroso. Percíbese un esforzo na preparación da expresión. A exposición é clara e coherente. (2)	A expresión é correcta. Percíbese preparación e ensaio da expresión. O vocabulario é axeitado pero non moi variado. Comete algúns erros puntuais na sintaxe e no vocabulario. A exposición é coherente. (1,6)	Manexa un vocabulario moi básico. Comete erros sintácticos e léxicos. Percíbese pouca preparación. A exposición enténdese pero presenta incoherencias. (1,2)	Ten un vocabulario moi básico. Presenta erros léxicos e sintácticos que non permiten percibir a mensaxe con claridade. Nótase que non hai preparación. (0,8)
ORALIDADE (vocalización, fluidez verbal, fonética, entoación).	Vocaliza, utiliza un volume adecuado. Fala con fluidez e pronuncia con corrección os fonemas galegos. Entoa de maneira natural e coas características propias do galego. (2)	A vocalización é clara e o volume axeitado. Comete erros na pronuncia (na entoación e nos fonemas) mais en xeral é correcta. (1,6)	A vocalización é mellorable. Ten erros de pronuncia (na entoación e nos fonemas). (1,2)	Escasa fluidez expositiva e pouca claridade. Moitas dificultades na entoación e na fonética. (0,8)
CONTIDO (información organizada e elaborada, dominio do tema, profundidade, fontes).	Contido amplo exposto con claridade e organización. Achega referencias e ten interiorizados os contidos. (2)	Expón con claridade. Os contidos están traballados pero non son moi amplos. Fai pouca referencias e afonda pouco. (1,6)	A información está moi pouco traballada e os contidos son escasos e tratados con mínima profundidade. (1,2)	Os contidos non están traballados, non hai organización. A información é superficial. (0,8)
POSTA EN ESCENA (xestualidade, postura, conexión co auditorio).	A exposición acompáñase dunha postura corporal correcta e expresiva. Mantén o contacto visual co público. O ton é axeitado. (2)	A postura é correcta. Hai problemas co control da xestualidade e co contacto visual co público. (1,6)	A postura e a xestualidade non son as adecuadas. Escaso contacto visual co público. (1,2)	A postura corporal non é correcta. A xestualidade non se adecúa ao contexto e non hai contacto visual co público. (0,8)